



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: GA 36 024 037

Adscrición tipolóxica:

Castro

Adscrición Cultural:

Idade de Ferro

2. LOCALIZACIÓN

Nome:

CASTRO DE DOADE / CASTRO DO PENEDO

Topónimo:

A Aurela do Castro; O Castro.

Provincia:

Pontevedra

Concello:

Lalín

Parroquia:

Doade (San Pedro)

Lugar:

Taín - Codeseda



CARTOGRAFÍA

Coordenadas (Datum ETRS89)

UTM: Fuso 29

Coord. x:

570.775

Latitude:

42° 36' 27,848" N

Coord. y:

4.717.617

Lonxitude:

8° 8' 13,769" O

Nº MAPA

Esc. 1/10.000:

154 - 21

Esc. 1/5.000:

0154A-0203 (malla anterior: 0154 3-2)

ACCESOS

Dende Lalín tómase a estrada PO-534 en dirección Soutolongo-Vilatuxe. Antes de chegar ao polígono de Botos, nunha rotonda tómase a estrada EP-6002 (en dirección ao Museo etnográfico de Casa do patrón). Séguese ata o lugar de Vilanova de San Xoán onde se colle o desvío que conduce a Codeseda e ao museo. Unha vez en Codeseda hai que tomar una estrada asfaltada á man dereita que conduce ó lugar de O Penedo. O castro emprázase á dereita desa estrada.

3. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO

Altitude:

544 m.s.n.m.

Emprazamento topográfico:

O castro está ubicado no extremo setentrional dunha lomba, preto da ruptura de pendente cara ao val do Asneiro.

Utilización do entorno:

Terras de cultivo e prados.



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

4. ESTADO ACTUAL E PROTECCIÓN

▪ Vexetación

O recinto ten a súa metade oeste ocupada por terras de labor/ prados. A súa metade leste ten abundante vexetación de fento, xesta e carballo.

▪ Descrición das alteracións:

Tanto no interior do recinto coma no perímetro defensivo, hai alteracións ocasionadas polo traballo agrícola dos terreos.

▪ Grao de conservación	Moi bo:	Bo: X	Regular:	Malo:	Moi malo:	Desaparecido:
------------------------	---------	-------	----------	-------	-----------	---------------

▪ Causas de alteración:

Actividade agrícola desenvolvida por particulares.

▪ Protección Legal	BIC:	Planeamento urbanístico:	X	Outros:
--------------------	------	--------------------------	---	---------

▪ Protección física:

▪ Intervención arqueolóxica:

▪ Réxime de propiedade:	Pública:	Privada:	X
-------------------------	----------	----------	---

5. MATERIAIS

▪ Descrición:

▪ Procedencia	Achado casual:	Intervención arqueolóxica:	Outra:
---------------	----------------	----------------------------	--------

▪ Lugar actual do depósito:

- Museo ou colección pública:

- Museo ou colección privada:

- Particular, Nome(s) e dirección(s):

FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

7. DESCRICIÓN DO XACEMENTO:

O xacemento conta cun único recinto de tendencia circular aínda que lixeiramente mais extenso no seu eixo leste-oeste, onde mide 100 m. ó interior, e cerca de 120 m. ó exterior. No seu eixo norte-sur mide 95 m. ó interior e 105 ó exterior. O seu perímetro está delimitado por un terraplén que adquire maior desenvolvemento na zona este e norte, coincidindo esta última co escarpe cara ó val do río.

No interior do recinto hai diversos bancais que parecen relacionados co acondicionamento do espazo para cultivos. A súa entrada aparece situada na zona occidental, aínda que a configuración orixinal é difícil de precisar porque este é o acceso habilitado para entrar nas leiras.

Actualmente non se visualizan restos de foxo ou parapeto exterior que reforzasen as defensas do asentamento. Tampouco hai claros indicios da existencia dun antecastro, aínda que na marxe norte da entrada ao recinto ábrese cara ó exterior, semellando dispoñer un espazo para un pequeno antecastro, aínda que non está moi claro. Non obstante, pode indicar que todo o seu entorno, e mesmo o interior do recinto, está destinado desde antigo a labores agrícolas que puideron desdibuxar a configuración orixinal que a paisaxe tivo en época castrexa.

O xacemento aparece indicado como O Castro do Penedo, nun cartel situado na estrada.




Orotografía do voo Americano de 1956 - 1957 (esquerda) e detalle do plano 1:5000 (dereita)



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

8. CROQUIS DO XACEMENTO:





FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

9. FOLKLORE

- "Hai unha viga de ouro e outra de alcatrán; hai tamén unha mina de ouro. estiveron ali os buscadores e levaron sete mulas cargadas de ouro".
- "Hai unha pena na aurela e alí pensan que hai ouro".
- "Hai ouro e alí estiveron os mouros".
- "Un señor que fue a hacer la mili a Africa se encontró a un moro que le dijo que en el lugar de Catasén dejó un cinturón lleno de oro" (Buxán 1989: 13-14).
- Contan que había dous pasadizos subterráneos, un dende o castro ata o río e outro desde este castro ata o de Soutolongo/Vilatuxe.
- "No castro había varios buratos, feitos de 'moi bello', polos que entraban e saían os mouros. As persoas adultas asustaban aos rapaces, decíndolles que os ían a meter nos buratos dos mouros. Esta información contrasta con outras menos fantásticas, baseadas na evolución do recinto castrexo. En concreto, afirmase que os buratos da 'aurela de arriba' corresponden ás pequenas canteiras que houbo alí no pasado, xa que a pedra de algunhas casas da aldea de Taín procede deste lugar En consecuencia a súa atribución aos mouros é pura fantasía"
- "Debaixo do castro había casas e os mouros saían delas pola noite para que no nos viran os veciños"
- Din que hai unha viga de ouro que se estende dende este castro ata Penelas, aldea moi cercana e que tan só conta cunha casa". (Recollido por A. Presas en 2006, Presas 2008: 412-13).
- "Nunha pena da aurela hai ouro".
- "Nel estiveron os mouros".
- "Trabes de ouro e alcatrán".
- "Viga de ouro que vai desde o castro ata a aldea de Penelas".
- "Hai unha mina de ouro.
- "Os buscadores levaron sete mulas cargadas de ouro".
- "A un señor que fixo a mili en África un mouro díxolle que deixara no lugar de Catasén un cinto cheo de ouro".
- "Existencia de dous pasadizos subterráneos: un desde o castro ata o río, e o outro desde este castro ata o de Vilatuxe".
- Entre o río e o recinto castrexo atópase a Cova dos Mouros".
- Os mouros saían por uns buracos ó exterior do castro pala noite para que non os visen os veciños" (García Porral 2010: 40-41).

10. POTENCIAL DE REVALORACIÓN DO XACEMENTO

Excelente:		Axeitado:	X	Non axeitado:	
------------	--	-----------	---	---------------	--

▪ Estado de conservación actual:

Presenta un aceptable estado de conservación aínda que como xa se especificou mais arriba, a intensa dedicación agrícola do solo, desdebuxou algunhas das súas estruturas.

▪ Vulnerabilidade ás visitas:

Non parece que as visitas ó xacemento poidan provocar maior impacto do que supón a súa continuidade de uso actual.

▪ Orixinalidade (deste castro respecto doutros):

Non destaca especialmente respecto doutros.

▪ Perceptibilidade das estruturas:

As súas estruturas defensivas son claras pero non moi imponentes, e se reducen a un terraplén perimetral. A súa visibilidade e visibilización son boas. Presenta intervisibilidade con outros castros da zona.



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

▪ Accesibilidade e capacidade de recepción de público:

Ten proximidade a diversos núcleos de poboación como Codeseda. A accesibilidade pola estrada é boa. Chégase ó xacemento en coche ou autobús, aínda que o estacionamento para un vehículo presenta dificultades. O castro é accesible a través das leiras ou pola entrada noroeste a través dun camiño de terra que parte do núcleo de O Penedo.

▪ Potencial de ilustración (xacemento e contorna):

Bo exemplo de emprazamento característico castrexo pola súa intervisibilidade con outros do redor. Pode resultar atractivo tamén para analizar a evolución da paisaxe e da propia estrutura do xacemento nun entorno agrario coma este.

▪ Necesidades mínimas para a revalorización:

Roza mínima na banda oriental do recinto de certos sectores do terraplén

▪ Outros elementos de Patrimonio Cultural próximos:

Existe unha mámoa ó sur do castro, o outro lado da estrada. Hai moitos muíños relativamente cerca e o Museo etnográfico Casa do Patrón. Está próxima a aldea de Codeseda que presenta un gran atractivo turístico cun núcleo rehabilitado (véndese co slogan "Codeseda, unha aldea totalmente restaurada"). Existencia de diversas rutas de sendeirismo e áreas de recreo acondicionadas.

10. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

- BUXÁN, C. (1989) *Guía dos Castros de Lalín*. Lalín: O trillón. Asociación Cultural "O Naranxo". Páx. 13-14.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1989): *A Cultura castrexa na bacia media do río Ulla*. Tesis Doctoral lida na Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela.
- (2001) *A cultura castrexa na comarca do Deza*. Col. Deza Básicos nº 4. Lalín: Patronato cultural de Lalín, Seminario de Estudos do Deza, Concello de Lalín. Páx 124-337.
- EPYPSA: "Ficha de Inventario 1-20 do PGOU de Lalín".
- GARCÍA PORRAL, X. C. 2010: *Lendas castrexas: Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. A Coruña: Lóstrego. Páx. 40-41.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1973): "Prehistoria". En R. Otero Pedraio (dir): *Historia de Galiza*. Vol. III. Buenos Aires. Páx. 260
- MEIJIDE CAMESELLE, G. e REY SEARA. E. (1989) "Ficha de inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia". Inédito. Depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta De Galicia.
- PRESAS GARCÍA, A. (2008) *Os castros de Lalín*. Col. Deza Básicos. Lalín: Concello de Lalín.
- VÁZQUEZ CRESPO, A. (1991): *Lalín. La tierra de Deza*. Guía Everest. Madrid: Everest
- VÁZQUEZ CRESPO, A. E GONZÁLEZ ALÉN (1997): *A comarca do Deza*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2ª ed. (ed. Orixinal 1989).
- TABOADA CHIVITE, J. (1973): "Addenda eT corrigenda a Historia de Galicia". En Otero Pedrayo (dir.) *Historia de Galicia*. V. III, Buenos Aires.

Informante(s):	
Redactor(es):	Santiago Ferrer Sierra e Mar López Cordeiro
Lugar e data:	
Lalín, 22 de novembro de 2012	



Proxecto cofinanciado por
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación
Pontevedra



FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)



GA36024037. CASTRO DE DOADE / CASTRO DO PENEDO (Taín, San Pedro de Doade)



IMG_6720. Vista xeral do Castro.




IMG_6721. Detalle de cartel indicativo do castro.



MODELO DIGITAL DEL TERRENO



ORTOIMAGEN



PLANTA
E/1:500

- 3/19/1187-INVENTARIO CULTURAL CASTREXO DEZA (PLANOS) GA36024037-CASTRO DE DOADE/CASTRO DE PENEDO